

A memoria das aulas.

50 anos de ensino secundario en Cambados

IES RAMÓN CABANILLAS Código: 36000481 Cambados (Pontevedra)

Proxecto transversal de nivel 3º ESO (modalidade 2)

Coordinación: Edith Pazó Fernández Curso: 2022-23



1. INTRODUCCIÓN



Este curso 2022-23 o centro fixo 50 anos da súa posta en funcionamento como espazo de aprendizaxe; un traxecto longo de reformas educativas, de cambios sociais, ambientais, políticos, económicos. A súa posta en marcha en 1972 abría as portas á primeira oportunidade para as novas xeracións de cursar estudos secundarios na comarca. Nacían novas opcións para escalar nos estudos e nas posibilidades de futuro para a mocidade do Salnés, hoxe xa asentadas de maneira universal.

Este curso, aproveitamos a conmemoración para indagar na memoria das súas aulas e das vivencias de varias xeracións.

Todo co alento e ao abeiro da nosa Biblioteca.

O IES RAMÓN CABANILLAS

No ano 1972 iniciaba a súa andaina o IES Ramón Cabanillas, nun edificio acabado de construír á beira do Pazo de Fefiñáns, á moda dos novos centros da época. Nos primeiros anos, e ata o ano 1985, atendía nas súas instalacións as necesidades educativas do Bacharelato en toda a comarca do Salnés, incluíndo Vilagarcía e O Grove. Sufriu desde aquela algunhas ampliacións ao longo do tempo. En 2019 remodelouse completamente a súa fachada e os elementos estruturais obsoletos.

Na actualidade, o centro conta con máis de 400 alumnos/as da ESO e Bacharelato, e tamén do Ciclo Superior de Vitivinicultura, procedente da vila e de concellos limítrofes, como Ribadumia. Un corpo de 41 profesores/as, o persoal administrativo, de conserxería, limpeza e cafetería, ademais das nais e pais, completan o día a día do centro. As súas actividades trascenden o propio espazo e axentes, e vincúlano permanentemente co tecido cultural e económico da comarca e coas institucións locais, a través de certames, actividades culturais, actividades de aprendizaxe das asociacións profesionais do mar, prácticas nas adegas etc.

MOTIVACIÓN

No inicio deste curso académico aprobouse no claustro este proxecto para traballar as competencias comunicativas en galego do alumnado e a competencia da propia aprendizaxe de investigar, analizar e tamén divulgar o noso coñecemento adquirido. Con esta intención propúxose desde a Biblioteca aproveitar didacticamente o medio audiovisual nas aulas, coa aplicación de **metodoloxías de traballo colaborativas** que creban paredes, espazos e horarios para traballar en común cun horizonte compartido. Decidiuse que podía ser unha boa motivación facelo arredor da conmemoración do cincuentenario da creación do centro e desde o corazón do instituto: a nosa Biblioteca. Con ese pano de fondo, promoveuse este proxecto de **reflexión e diálogo interxeracional arredor do ensino en Cambados, co alumnado como motor da conversa, para recordar, pensar e falar das experiencias, das oportunidades, na mirada das distintas xeracións.**

METODOLOXÍA DE APRENDIZAXE

O proxecto permite un achegamento ao currículo e o desenvolvemento competencial desde a participación activa do alumnado, que mesmo vai participando na configuración do proxecto baixo a guía do profesorado. As tarefas foron variadas e con instrumentos múltiples, o cal facilitou tamén a integración da diversidade nas distintas fases. Os estudantes non debían ser simples executantes de instrucións, senón que participarían no propio deseño do proxecto.

Polas súas características, a indagación na memoria colectiva favoreceu unha aprendizaxe en diálogo directo coa sociedade que nos rodea, xa que a colaboración dos axentes externos resultou indispensable.

2. OBXECTO

A PREGUNTA DE PARTIDA PARA A INVESTIGACIÓN

Facemos 50 anos... Como cambiou a educación neste tempo?

Que sabemos diso? Que nos gustaría coñecer? Como o facemos?

QUE QUERIAMOS FACER E TRATAR

. **Un traballo colectivo interdepartamental**, que nos permitise traballar creando desde a cooperación na aula.

. Un proxecto que nos permitise aplicar parte do traballo das competencias e contidos curriculares a través de **metodoloxías activas**.

. Unha mellora da **atención á diversidade de profesorado e alumnado**, aproveitando as habilidades e saberes de cada persoa.

. **Unha reflexión sobre a evolución do ensino e a relevancia da educación**. Como xa se sinalou, a idea central do proxecto foi establecer unha **reflexión arredor da evolución da educación secundaria** nos últimos cincuenta anos: como eran as clases, a asistencia, o perfil do alumnado, a relación co profesorado etc. Esa memoria e análise permitiunos transitar, ao mesmo tempo, pola propia **evolución política (tránsito da ditadura á democracia), sociocultural, económica e mesmo ambiental e arquitectónica de Cambados**.

. **Unha oportunidade de diálogo entre xeracións**. Este percorrido permitiulle ao alumnado un **diálogo directo coas xeracións** que antes ca eles ocuparon os pupitres do centro.

. Un pulo para o **uso do galego oral** como ferramenta comunicativa e de creatividade, asociada ás novas tecnoloxías e á descuberta en grupo.

. **Unha reflexión sobre a evolución da muller no ensino**. Non perdemos a oportunidade para analizar como se foi normalizando a educación das rapazas.

. **Unha perspectiva da historia da lingua galega no ensino**. Da prohibición de usar o galego á situación actual de incorporación ampla ao sistema educativo; esa análise facilítanos a comprensión da orixe dalgúns dos prexuízos que permanecen nas xeracións máis vellas, que aprenderon que a súa lingua materna non era válida para o contexto académico.

O alumnado participante decidiu como abordar estes ámbitos temáticos de interese principal para o audiovisual a partir desta indagación.

PRODUTO: O NOSO DOCUMENTAL

Esta liña de traballo de investigación e reflexión debía materializarse nun produto que nos permitise compartir os resultados. Decidimos realizar un audiovisual que nos permitise documentar a investigación, **creado polo propio grupo do alumnado, como protagonista creativo do proxecto**, coas orientacións do profesional que nos acompañou no seu desenvolvemento, o cineasta Roi Fernández (Sr. Pause).

A MEMORIA DAS AULAS. 50 anos de ensino secundario en Cambados
IES RAMÓN CABANILLAS

ORGANIZACIÓN

O proxecto desenvolveuse cos dous grupos de 3º ESO (47 alumnos/as), pivotado desde a Biblioteca, fundamentalmente vinculado na aula á programación de Lingua Galega e Literatura e cunha participación transversal desde as aulas de:

Bioloxía (Jorge Pérez)- Educación dixital

Mirta (Plástica) - Creación artística dos créditos e deseño de materiais divulgativos

Historia- Estudo do contexto social e político

Educación para a cidadanía (Tobías Betanzos). Linguaxe cinematográfica, Educación

Bruno Barreiro (Vicedirección)- Visionado cinematográfico

Xosé Francisco Noia (Galego)- EDLG

Asesoramento especializado externo: O cineasta Roi Fernández (Sr. Pause), profesor asociado da Facultade de Belas Artes e artista audiovisual, con experiencia como autor de pezas de cine e de creación de teatro audiovisual, realizou un papel de condución na formación audiovisual do alumnado. Forneceu o profesorado de referencias e guías de traballo da educación audiovisual, fixo un seguimento / asesoramento externo do proxecto e realizou tres obradoiros (seis sesións) cos dous grupos de 3ºESO, para ofrecerlles nocións de gravación e iluminación e montaxe.

3.- PROCESO

No mes de setembro iniciamos a ideación do proxecto, que fixemos central na concreción da programación da Biblioteca, como centro neurálxico de información, formación e creatividade deste proxecto e do conxunto do programa audiovisual Luces, cámara... a falar! desenvolvido este curso.

Así, deseñouse desde a Biblioteca, co Departamento de Lingua Galega e en coordinación co EDLG, unha primeira idea xeral. Malia que parte da acción transversal fose de aproveitamento para o conxunto do centro, decidiuse concretar curricularmente no nivel de 3º ESO, co fin de incorporar o traballo por proxectos á programación das aulas e asegurar, deste xeito, a súa implementación nesta metodoloxía e como fío condutor da actividade de todo o curso. Presentouse a proposta ao claustro e decidiuse integrar o proxecto nas programacións curriculares do nivel.

Sendo proxecto central da programación de Lingua Galega e Literatura, desenvolveuse detalladamente na planificación no PROENS, vinculada aos contidos curriculares e criterios de avaliación, así como competencias clave para desenvolver a través do proxecto.

COMPETENCIAS CLAVE TRABALLADAS EN TODAS AS FASES DO PROXECTO



4. DOCUMENTACIÓN DESENVOLVIDA

Desde a Biblioteca e desde o Departamento de Lingua Galega elaborouse a documentación fundamental do proxecto:

- Guía para acompañamento da visita á exposición *A memoria das aulas*, elaborada desde a Biblioteca, a partir da información do MUPEGA e dos departamentos: descrición de obxectos da exposición procedentes do museo e mais do catálogo histórico do departamento. Mostra de libros da época na biblioteca.
- Guía de formación audiovisual de Roi Fernández, para o profesorado e alumnado: tipos de plano, achegamento ao documental audiovisual etc.
- Elaboración de fichas de traballo no proxecto: ficha para a proposta de fontes informativas do alumnado/primeiras indagacións; ficha de proposta de cuestionario; ficha de instrucións para a gravación da entrevista etc.
- Blog descriptivo do proceso elaborado polo alumnado



**EXPOSICIÓN NA BIBLIOTECA:
A MEMORIA DAS PRIMEIRAS AULAS**
Do IES Ramón Cabanillas de 50 anos de ensino secundario en Cambados

EXPOSICIÓN NA BIBLIOTECA:
A MEMORIA DAS PRIMEIRAS AULAS
Do IES Ramón Cabanillas de 50 anos de ensino secundario en Cambados

5. TAREFAS DO ALUMNADO

FASES DE TRABALLO

—1º FASE: Outubro-decembro 2022. UN POUCO DE HISTORIA—

- a. **UN POUCO DE HISTORIA:** Estamos de aniversario. 50 anos do noso centro. Que pasaba daquela? Indagación na aulae busca de datos na rede, a través dos ordenadores (Edixgal). Posta en común.
- b. Formación na evolución da educación ao longo da historia. Na aula, a través dos ordenadores persoais, lectura e síntese, en parellas, da información na **Gabeta Dixital do Mupega**, unha **web** informativa que permite traballar nocións básicas da historia da Educación.
 - Consulta o esquema temporal sobre a evolución da Educación e toma notas no caderno (tarefa avaliable). <https://view.genial.ly/615d58e5bdfcb70e00d42c68/interactive-content-a-escola-a-traves-dos-seculos>
 - Consulta a info interactiva: como era unha aula da Transición, e toma algunhas notas no teu caderno: <https://view.genial.ly/632844420d7c020012269c71/interactive-image-a-escola-da-transicion>
 - Resumo do aprendido no caderno e exposición oral na aula

- c. **TRABALLO DA EXPOSICIÓN A MEMORIA DAS AULAS (BIBLIOTECA):** Visitamos na biblioteca do centro unha aula procedente do MUPEGA, con obxectos propios



do ensino no final do Franquismo. A exposición, instalada no noso centro durante un mes, permitiunos analizar aspectos básicos (disposición do alumnado, tecnoloxía de aprendizaxe, mapa etc.) Completouse cos materiais históricos do propio centro: fondos bibliográficos e materiais dos 70/80 do departamento de Ciencias. Material de apoio á actividade:

guía da exposición para favorecer o diálogo co alumnado por parte do profesorado. O alumnado do centro visitou co profesorado esta aula.

- d. **ENTREVISTA DE RADIO A UN ALUMNO E UNHA PROFESORA DO PRIMEIRO CURSO (1972).** Coincidindo cos actos de inauguración do 50º aniversario, o alumnado de 3ºA preparou unha entrevista de radio (Radio na BIBLIO)



cun alumnos do primeiro curso e unha profesora de Educación Física dos primeiros claustros. Cuestionario de elaboración colectiva na aula. Locutan: dous alumnos de 3º A.

Novembro 2022. Definición do noso proxecto e busca de fontes

- a. **FALAMOS E DECIDIMOS.** Debatenos na aula: como sería a vida dos rapaces de



Cambados hai 50 anos cando remataban a escola? Como condicionaría este feito? Como vivirían os rapaces a construción do instituto? Falamos de educación, do seu papel na sociedade. Que sabemos de todo isto? Que nos gustaría saber?

Como podemos sabelo?

- b. **BUSCA DE FONTES INFORMATIVAS** nas casas. A profesora facilita unha ficha para cubrir os primeiros datos que nos interesen da fonte elixida. Entrégana na aula. Tarefa avaliable.
- c. **FORMACIÓN DE GRUPOS DE ALUMNADO** para abordar a investigación e primeiras probas audiovisuais en grupo (distribución de roles).
- d. **COMO SE FAI UNHA ENTREVISTA.** Análise dunha entrevista de perfil (partes, tipo de preguntas, escolla de tratamento de cortesía etc.) a partir do libro de texto (páx. 184). Elaboración colectiva do cuestionario na aula de 3ºB.
- e. **ENTREVISTA A PITUSA CABANILLAS**, neta de Ramón Cabanillas e mestra xubilada. 23 de novembro, na Radio da Biblio. Gravación audiovisual. Temas: a protección do legado de Ramón Cabanillas e o labor como mestra nos últimos 50 anos. (aula de 3ºB). Voluntariado para a locución: Alicia e Alberto. Cámaras: Guille e Daniela.
- f. **APRENDEMOS: FERRAMENTAS DIXITAIS IMPRESCINDIBLES.** Na aula de Bioloxía, aprendemos a subir arquivos ao Drive e compartir o enlace que permita acceder a eles. Esta competencia será de utilidade inmediata para todos os traballos e materias.



g. **FORMACIÓN DA MIRADA: o cine.** Planos e encadramentos. Referentes para a creación do noso audiovisual. Pautas na aula de Lingua Galega co asesoramento externo do cineasta. Acompañamento aula de Valores.

h. **FORMACIÓN DA MIRADA: Un retratista galego de referencia.** A mirada do autor/a. Os retratos de Virxilio Vieitez. Posta en común oral da análise das imaxes de Virxilio, a partir da guía elaborada por Roi Fernández.

A MEMORIA DAS AULAS. 50 anos de ensino secundario en Cambados
IES RAMÓN CABANILLAS

- i. **QUE NOS INTERESA?** Definición colectiva dos temas que queremos que centren o audiovisual. Técnica de tormenta de ideas. Realizamos **Diagramas de ideas** e configuramos unha base de preguntas comúns para as entrevistas, en común na aula.
- j. **REDACCIÓN DO CUESTIONARIO INDIVIDUAL.** Cada alumno/a entrega un cuestionario, que será a base para a súa entrevista. Tarefa avaliable Lingua Galega.

Decembro. Gravación

- k. **PRIMEIRA XORNADA DE GRAVACIÓN.** En exteriores, en grupos, reflexión plano/contraplano: As nosas impresións do instituto (cuestionario abordado en grupos por 3ºB).
- l. **DEBATE GRAVADO NA AULA:** Dirixe o debate un alumno de 3ºA .Seis persoas manexan os aparellos técnicos (tablets, trípodes, micros....) O resto participan no debate arredor dunha mesa. Tarefas avaliables.



- m. **1º OBRADOIRO DE SR PAUSE. A iluminación.**

Alternativas caseiras aos focos tradicionais.
Situación dos puntos de luz e efecto dramático.
Práctica na aula. Dous obradoiros.

- n. **PAUTAS TÉCNICAS para a gravación das entrevistas individuais.** Decidimos colectivamente: Que tipo de encadramento acordamos? Plano medio. Disposición do móbil horizontal. Puntos de luz. Posicionamento de obxectos no plano. A profesora entrega ao día seguinte un resumo destas instrucións

técnicas, para que sexan comúns a todas as gravacións e faciliten a montaxe cunha homoxeneidade visual.

- o. **GRAVACIÓN DAS ENTREVISTAS A FAMILIARES.** No Nadal, cada alumno/a grava a súa entrevista. Deben subila ao Edixgal antes do 13 de xaneiro. Tarefa avaliable.

2ºFASE Xaneiro-marzo 2023. COMO O CONTAMOS

- a. **ANÁLISE COLECTIVA DAS GRAVACIÓNS:** Xaneiro. Análise na aula de 5 entevistas. Categorización de temas. Realización de diagramas de ideas coa aplicación dixital Miro. Etiquetaxe (buscamos substantivos para cada temática tratada). Decisión de montaxe, para crear unha narrativa.
- b. **OS DEREITOS DE IMAXE.** Reflexión arredor do dereito sobre a propia imaxe. Análise do contrato de cesión de dereitos. Entrégano asinado polos seus familiares.

c. **OBRADOIRO DE MONTAXE.** Na aula de Bioloxía, actividade dirixida de montaxe con programas de edición de vídeo de código aberto. Noción esenciais de corte de vídeo e audio, transicións etc.

d. **CONVERSA CON EXALUMNOS QUE TAMÉN FORON PROFES:** Na Biblioteca, charla para 3ºA e B de experiencias e información de alumnado antigo que tamén deu clase no centro: Chus e María J. Daporta e Xaime Pillado. Gravación audiovisual do alumnado.

e. **2º OBRADOIRO CO SR PAUSE: GRAVACIÓN DE OBXECTOS.** Aplicamos o aprendido ás novas

gravacións. Un dos grupos,

regrava as entrevistas ao

alumnado, o outro grupo

grava artisticamente obxectos significativos para empregar como recursos no documental.

Dpto. de Plástica.

f. **HISTORIA. Estudo da Transición** na aula de Historia.

Lecturas compartidas de artigos

da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de

Galicia. A lexislación sobre educación da época. Tarefas

avaliabes. **SAÍDA AO PARLAMENTO DE GALICIA**

(Dpto. Historia). Actividades complementarias.

g. **3º OBRADOIRO SR PAUSE: TÍTULOS CREATIVOS PARA O DOCUMENTAL** O 7 febreiro, con Roi Fernández

(Sr. Pause), creamos os nosos

propios créditos artísticos.

Decidimos que autorías deben

constar. Xogamos coa caixa de luz

e acetatos.

h. **COÑECEMOS MÁIS SOBRE O CINE: CONVERSA CON JUAN GALIÑANES**-Documentámonos e escoitamos o

cineasta Juan Galiñanes, montador

e director, exalumno do

Cabanillas.

i. **COÑECEMOS MÁIS SOBRE A EDUCACIÓN: CONVERSA CON EXALUMNAS QUE HOXE SON**

DIRECTIVAS DE CENTROS ESCOLARES. Conversa con

dúas exalumnas do centro que hoxe forman parte dos

equipos directivos, como directora e xefa de estudos, respectivamente, de dous centros da comarca.



- j. **CREACIÓN DA BANDA SONORA DO DOCUMENTAL:** Creación da banda sonora, por parte dun alumno de 3º A, intérprete de saxofón.

—3º FASE: Abril- Xuño 2023. DIFUNDIMOS!—

- a. **DESEÑAMOS UN PLAN DE COMUNICACIÓN.** No mes de abril planificamos as estratexias de comunicación coas que daremos a coñecer o noso traballo documental. Estratexias físicas/presencias e dixitais. Tormenta de ideas. Selección de accións comunicativas.




- b. **POSTA EN MARCHA do plan de comunicación.** Montaxe (3ºA) dun teaser. Redacción de convite ao profesorado. Deseño en CANVA do convite ás familias. Deseño de cartalaría (aula de Plástica). Tarefas avaliadas.



- c. **CREACIÓN DO BLOG COLECTIVO A MEMORIA DAS**



- AULAS (3º B).** Creación na ferramenta de código aberto wordpress/ blogger (2 alumnas). Distribución de contidos para a redacción de entradas por parellas. Redacción. Tarefa avaliada. Autoedición:



amemoriadasaulascabanillas.blogspot.com

- d. **ÚLTIMA CONVERSA DE CINE:** 29 de maio: charla de Ruth Chao, produtora executiva, na biblioteca. Actividade do programa Elas, da Deputación da Coruña e a Asociación Galega de Produtoras Independentes (AGAPI).



- e. **PREPARACIÓN DA ESTREA.** Distribución de roles para a estrea. Acompañamento das persoas maiores no auditorio. Preparación do guión. Ensaio das presentacións (4 alumnos/as).

- f. 9 de xuño: **ESTREA.** Equipos de gravación. Acolida do público. Animación do fotocoll.



**A MEMORIA DAS AULAS. 50 anos de ensino secundario en Cambados
IES RAMÓN CABANILLAS**

6. RECURSOS

FERRAMENTAS DISPOÑIBLES

O alumnado de 3º ESO está integrado no proxecto Edixgal. Isto facilitou moito a compartición de materiais e o traballo en formato dixital, así como a formación impartida nas aulas de Bioloxía en técnicas audiovisuais, que aplicaron tamén para outras tarefas do curso.

O centro dispón de proxectores nas aulas e de tablets para as gravacións. Neste curso foi aprobada a integración do centro no programa Polos Creativos da Consellería de Educación, o cal nos permitiu dispoñer de medios audiovisuais importantes (focos, cámaras, novas tablets etc.) a partir de decembro. No desenvolvemento deste proxecto creouse, xunto co EDLG, unha Sala de audiovisuais, con ordenadores que facilitaron os traballos de montaxe.

Para a última parte do proxecto (difusión), a propia **xestión das ferramentas dixitais asociadas** ao proxecto (mantemento web, redes sociais...) formaron parte dos obxectivos de aula da materia de Lingua Galega, que contén no seu propio currículo a importancia de manexar a creación de texto e contidos dirixidos ao formato de difusión dixital.

FONTES DE INVESTIGACIÓN:

a) REFERENCIAS LINGUAXE AUDIOVISUAL

- A fotografía documental de Virxilio: o retrato (material elaborado por Roi Fernández)
- Retratos documentais audiovisuais de Roi Fernández
- Os planos e a perspectiva na linguaxe audiovisual (visionado de diversos materiais)
- Outras referencias de traballos nas aulas: As nosas avoas, de Luz Beloso. <https://youtu.be/g8xabzF5xxc>. A escola das avoas: https://youtu.be/rNaVcCse_sk
- Visionado de cine histórico na materia de Valores

b) FONTES DE INFORMACIÓN HISTÓRICA

- Mupega: recreación dunha aula antiga na biblioteca do centro, cedida polo Mupega.
- Materiais dixitais do Mupega para coñecer a historia da educación
- Entrevistas ás familias (cada alumno/a realizou unha entrevista a un familiar, gravada co móbil coas pautas técnicas comúns; visionáronse parcialmente na aula)
- Lectura da Constitución Española e Estatuto de Autonomía de Galicia
- Entrevista a Aurora Vidal Cabanillas (neta de Cabanillas, 88 anos) 24/11/2022 na radio na biblio, (gravada en vídeo por Guille e Daniela (3ºB).
- Charlas varias con profesionais do cine, para coñecer procedementos de traballo e funcións: Juan Galiñanes, Roi Fernández, Sabela Pillado, Ruth Chao.
- Exposición itinerante sobre o director de cinema cambadés José Gil, no Concello de Cambados, con charla de Ignacio Vilar e Manolo González.
- Lecturas sobre vivencias educativas na aula de Valores.
- Charla conxunta cos profesores/as xubilados, que tamén foron alumnos/as do centro.
- Selección de textos sobre educación para lectura compartida na biblioteca o 23 de xaneiro Día Internacional da Educación (Discurso de Malala etc.)

7. IMPLICACIÓN

Un dos aspectos máis positivos da realización deste proxecto foi a alta implicación, complicidade e colaboración do conxunto da comunidade educativa. Dentro do propio centro xogou un papel fundamental o apoio e acompañamento da Dirección, tanto na dotación de medios e colaboración na organización de charlas etc., como na coordinación co conxunto do profesorado, a través da comunicación directa por canles oficiais de centro.

Foi moi relevante na investigación a participación de profesorado xubilado, xa integrado na propia comisión organizadora do 50 aniversario (isto facilitou moito o contacto permanente), tanto no aspecto informativo como na creación dun ambiente de comunidade escolar amplo, na activación da memoria e na consolidación da propia traxectoria histórica do centro. O feito de narráreno en vivo, en primeira persoa, desencadeou no alumnado un interese meirande que se esas vivencias nos chegasen con soportes intermediarios.

A comunidade de Cambados colaborou amplamente na realización do documental. A neta de Ramón Cabanillas accedeu ás nosas entrevistas no centro e mesmo nos ofreceu a súa casa para gravacións. O Concello de Cambados foi fundamental na cesión do Auditorio Municipal, con alugueiro de medios técnicos para a sesión de peche como unha grande estrea.

Por último, foi un alicerce deste proxecto a participación de todas as familias do nivel. Todos os alumnos/as tiveron que facer unha entrevista aos avós/as ou parentes. Só un número reducido non accedeu a ser gravado, pero cederon igualmente o seu testemuño. Este diálogo entre xeracións activou afectos vinculados á aprendizaxe, esenciais para que os logros derivados do proxecto fosen verdadeiramente significativos.

Todo esta participación implicada tivo o seu colofón na estrea do documental o 9 de xuño nun auditorio municipal ateigado, con profesorado xubilado, actual, familias, alumnado, veciños compartindo con emoción o seu traballo colectivo.

8. DIFUSIÓN

DESEÑO E IMPLEMENTACIÓN DUN PLAN DE COMUNICACIÓN (3º trimestre)

A actividade do 3º trimestre vinculada ao proxecto centrouse na elaboración dun Plan de Comunicación, que se desenvolveu fundamentalmente na aula de Lingua Galega, e que se acompañou co apoio nas montaxes (Bioloxía) e deseño de cartalaría (Plástica).

Os medios que se utilizaron para a difusión dos traballos entre a comunidade educativa foron os seguintes:

Blog: amemoriadasaulas.blogspot.com (Deseño do blog e redacción das entradas realizado polo alumnado de 3º ESO B)

A MEMORIA DAS AULAS. 50 anos de ensino secundario en Cambados
IES RAMÓN CABANILLAS

Rede social: **instagram** [IESCabanillas](#) [#bibliocabanillas](#) (manexado polo profesorado); **Facebook** [IES Ramón Cabanillas](#) (manexado polo profesorado). O alumnado de 3º A realizou montaxe de teasers do documental, deseño de cartalaría dixital, convite dixital etc. para a difusión nestas redes. Deseño de cartalaría elaborado por 3ºA na aula de Plástica.

Abalar: comunicación da estrea ás familias (carta redactada polo alumnado de 3º ESO A)

Outro(s): Grupo de [whatsapp](#) do profesorado (manexado pola Dirección)

Ferramenta dixital de comunicación interna co alumnado: **Edixgal**

9. AVALIACIÓN

Ao integrarse nas programacións de distintas materias, o desenvolvemento de actividades e tarefas é necesariamente asociado aos criterios de avaliación e competencias claves, como xa se detallou.

Sendo proxecto central na materia de Lingua Galega e Literatura, desenvolveuse detalladamente na súa programación, vinculada aos contidos curriculares e criterios de avaliación dos tres trimestres, así como competencias clave a desenvolver a través do proxecto. Na avaliación de cada unha das unidades didácticas outorgóuselle un peso dun mínimo do 10% ás actividades vinculadas ao proxecto.

No conxunto das materias implicadas, cunha acción máis limitada, cada actividade do proxecto tivo un procedemento e ferramenta de avaliación diferenciado. No caso das actividades principais realizouse observación nos obradoiros e postas en común (tormenta de ideas), rúbricas para a avaliación de entrevistas de vídeo, rúbricas para revisión de entrega de cuestionarios, redacción de entradas etc.

Nas probas escritas de Lingua Galega incorporouse no 1º e 2º trimestre un pequeno exercicio de reflexión sobre algún aspecto do proxecto. Isto, ademais de permitir unha avaliación da expresión e do grao de maduración de conceptos traballados, tamén actuou como ferramenta avaliación da vivencia do propio proxecto por parte do alumnado.

Para a avaliación do desenvolvemento realizáronse ao longo do propio curso xuntanzas para análise cualitativa co profesorado. Nelas tomáronse decisións para corrixir diferentes aspectos.

Como elementos de avaliación final do proxecto, realizouse un visionado do documental na aula con cada un dos grupos, que serviu para facer unha análise cualitativa final de todo o proceso do curso arredor do proxecto, cunha valoración, en xeral, moi positiva por parte do alumnado. Algúns alumnos/as fixeron fincapé na posibilidade que se lles deu de abordaren traballos técnicos que habitualmente non se realizan na aula de lingua e que os fixeron sentirse doutra maneira nestas clases. Outros manifestaron criticamente que supuxo un exceso de traballo e que lles resulta máis doado abordar unha avaliación só por exames. Boa parte deles puxeron en valor que o documental fose “noso”, é dicir, sentirse protagonistas das decisións de todo o proceso como a parte máis positiva deste traballo.

En termos cuantitativos e cualitativos, consideramos que o acompañamento feito polo conxunto do profesorado do nivel foi moi positivo. O mesmo en canto á participación das familias. Nese sentido, o proxecto contribuíu a reforzar lazos entre o traballo da escola e a casa, que se destacaron na sesión final en xuño de estrea, á que acudiron máis de 250 persoas.

Se ben non temos unha capacidade de avaliar con detalle o nivel de impacto académico do proxecto, si que consideramos que a súa aplicación foi moi importante para a motivación na aula, requirimento primeiro para que se produza calquera sorte de aprendizaxe, así como para o desenvolvemento das competencias clave do conxunto do alumnado a partir das súas diversas capacidades e intereses.

10. A BIBLIOTECA

A Biblioteca escolar foi o núcleo do centro no desenvolvemento do proxecto. Da coordinación deste servizo naceu a idea do proxecto, en colaboración co EDLG e o Departamento de Lingua Galega.

PRIMEIRA ENTRADA NO PROXECTO, SORPRESA NA BIBLIOTECA:

Nela programouse xa a mostra de partida, co propio título do proxecto, *A memoria das aulas*, unha instalación dunha aula antiga do MUPEGA, para facilitar a visita guiada e a convivencia con esta “paisaxe” histórica do conxunto de alumnado e profesorado no primeiro trimestre. Ao coincidir a súa montaxe coa propia inauguración dos actos do 50 aniversario promoveuse que numerosos asistentes entrasen no centro a vela e que se achegasen tamén á remodelación que este Espazo sufriu desde os primeiros anos. Así, activouse a memoria: a nosa biblioteca foi nos primeiros anos o ximnasio, sen que houbera un espazo vinculado á lectura. Isto tamén axudou ao diálogo sobre a importancia que nas últimas décadas foi cobrando a biblioteca nos centros. Este contacto con obxectos antigos promoveu a activación do recordo dos nosos visitantes, xerando conversas de interese coa comunidade educativa actual. Co profesorado das aulas de Historia e de Lingua todo o centro visitou por quendas a exposición. A coordinadora da Biblioteca redactou material específico para facilitar a visita guiada.

AS FONTES DE INFORMACIÓN. FALAMOS NA BIBLIOTECA!

A Biblioteca foi tamén Espazo para a programación de charlas informativas de antigo alumnado e de profesionais do cine, en coordinación coa Dirección e coa Comisión organizadora do 50 aniversario. O alumnado de 3º, ademais de participar nelas e preparar cuestionarios, encargouse de rexistralas audiovisualmente. A actividade está, polo tanto, rexistrada audiovisualmente para memoria do centro.

LECTURAS COMPARTIDAS NA BIBLIOTECA

Arredor deste proxecto, promoveuse este ano a celebración do Día Internacional da Educación. A Biblioteca foi o espazo de selección e lectura pública de fragmentos

escolidos. Participou nesta actividade alumnado voluntario de todos os niveis, así como profesorado e PAS.

CREAMOS NA BIBLIOTECA

Como centro creativo, os obradoiros de creación audiovisual desenvolvéronse tamén na biblioteca. A versatilidade da disposición deste espazo permitiu convertelo varios días nun plató de gravación, iluminación e creación artística de créditos con técnica de caixa de luz.

Esta vivencia integral da biblioteca por parte do alumnado, para tarefas de investigación, de diálogo e reflexión, pero tamén de creación audiovisual, contribuíron a asentar este ano este papel da biblioteca como **corazón educativo do centro**.

Cambados, xullo de 2023